

MODELO DE PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación

O obxecto do contrato é a realización do servizo de XESTIÓN DE INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES DO PAVILLÓN MUNICIPAL EN VEDRA, cuxa codificación é CPV 92000000

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (RDL 3/2011, do 14 de novembro), categoría 26 do Anexo II

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato do servizo de XESTIÓN DE INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES DO PAVILLÓN MUNICIPAL EN VEDRA será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos, de acordo co artigo 157 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por R.D L. 3/2011, de 14 de novembro.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e co establecido na cláusula décima do presente prego.

CLÁUSULA TERCEIRA. O Perfil de Contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: [htt://www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com).

CLÁUSULA CUARTA. Importe do Contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de 239.852,25 euros. O prezo certo anterior queda detallado nun valor estimado de 198.225,00 euros e no

Imposto sobre o Valor Engadido de 41.627,25 euros

O importe abonarase con cargo á partida 341 -22706 do vixente Orzamento Municipal; existindo crédito suficiente ata o importe aprobado polo Concello.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato

A duración do contrato de servizo será de tres anos

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A **capacidade de obrar** dos empresarios acreditarase:

a.1) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

a.2) Dos empresariais que fosen persoas físicas mediante fotocopia do Documento Nacional de Identidade e a acreditación de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente.

b) A capacidade de obrar dos **empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os **demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da **non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar** do artigo 60 do R.D.L 3/2011, do 14 de novembro, poderá realizarse:

a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de **empresas de Estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario:**

3.1 **A solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.

b) Nos casos en que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.

c) Patrimonio neto, ou ben cociente entre activos e pasivos, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.

3.2. Nos contratos de servizos, a solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

d) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

f) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do Contratista

Para os contratos de servizos non será esixible clasificación do empresario.

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de Ofertas e Documentación Administrativa

As ofertas presentaranse no Concello (Avda. M. M. Gómez Lorenzo nº 1 -15885 VEDRA), en horario de atención ao público, dentro do prazo de quince días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante :[http://.www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com)

As ofertas poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/1992, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax , telegrama ou correo electrónico ao seguinte enderezo: contratacion@concellodevedra.com, no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional sexta do R.D. L 3/2011, do 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta . Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción de estas normas dará lugar á non admisión de todas as solicitudes por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polos candidatos e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para negociar a contratación do servizo de XESTIÓN DE INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES DO PAVILLÓN MUNICIPAL EN VEDRA . A denominación dos sobres é a seguinte:

— Sobre «A»: Documentación Administrativa.

— Sobre «B»: Oferta Económica e Documentación a valorar.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

SOBRE «A»
DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

Suposto A) Achega inicial de documentación mediante DECLARACIÓN RESPONSABLE

a.1) Declaración responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, conforme ao seguinte modelo:

_____, con domicilio a efectos de notificación en _____, con NIF num. _____ en representación da Entidade _____, a efectos da súa participación na licitación _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

PRIMEIRO.- Que se dispón a participar na contratación do servizo de _____

SEGUNDO.- Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do citado contrato, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, no seu caso, representación
- Que, no seu caso, está debidamente clasificada a empresa ou que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público e atópase ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera

orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao candidato (No caso de empresas estranxeiras)

-Que a dirección de correo electrónico en que efectuar notificacións é:
_____ -

TERCEIRO.- Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ____ de _____ de 201__

Firma do declarante

Asdo. _____

a.2) Resgardo da garantía provisional

Suposto B) Achega inicial da documentación conforme ao artigo 146.1 do TRLCSP)

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

— Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, verificada a suficiencia polo Secretario da Corporación.

— Se o candidato fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Igualmente a persoa con poder verificado de suficiencia a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do R.D.L. 3/2011, do 14 de novembro.

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións

vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta.

d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

e) No seu caso, unha dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións

f) Resgardo da garantía provisional

g) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao candidato.

SOBRE «B»

OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN A VALORAR

a) Oferta económica

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, con DNI núm. _____, en representación da entidade _____, con CIF núm. _____, informado do expediente para a contratación da subministración de _____, por procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, anunciado no *Boletín Oficial da Provincia*, núm. ____, do _____, e no perfil do contratante, fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o acepto integramente, que participo na licitación e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao imposto sobre o valor engadido.

_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura do licitador,

Asdo.: _____»

b) Demais documentos precisos para a valoración dos criterios.

CLÁUSULA NOVENA. Garantía provisional

Os licitadores deberán constituír unha garantía provisional por importe do tres mil (#3.000,00#) euros, que responderá do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación do contrato.

A garantía provisional depositarase:

-Na caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou na Caixa ou establecemento público equivalente das Comunidades Autónomas ou Entidades Locais contratantes ante as que deban surtir efecto cando se trate de garantías en efectivo.

-Ante o órgano de contratación, cando se trate de certificados de inmovilización de valores anotados, de avais ou de certificados de seguro de caución.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. En todo caso, a garantía seralle retida ao adxudicatario ata que proceda á constitución da garantía, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, nese caso a garantía provisional cancelarase simultaneamente á constitución da definitiva.

CLÁUSULA DÉCIMA. Criterios de adxudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos criterios de adxudicación establecidos na cláusula 13 do prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de xestión de instalacións e actividades do Pavillón Municipal de Vedra

CLAÚSULA UNDECIMA. Persoal

Os/as traballadores/as da empresa sainte pasarán a estar adscritos á nova titular do contrato, que se subrogarán en todos os dereitos e obrigas segundo o establecido no

Convenio vixente da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG num. 25/17, do 06 de febreiro)

A Corporación poderá en calquera momento inspeccionar o servizo prestado, e en concreto, recabar información sobre a adecuación entre o número de traballadores fixados na memoria e os que efectivamente presten o servizo, e en caso de disconformidade, proceder de acordo co establecido neste prego ou sancionar ou resolver o contrato

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Mesa de Contratación

Formarán parte da Mesa de Contratación os membros da Mesa de Contratación Permanente deste concello publicada no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com)

CLAÚSULA DÉCIMO TERCEIRA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do R.D.L 3/2011, do 14 de novembro, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca ao seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso darase audiencia ao contratista, debendo seguirse os trámites previstos no artigo 211 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Apertura de proposicións

A constitución da Mesa de Contratación anunciarase no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com).

Esta procederá á apertura dos sobres "A" e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos

Se fose necesario, a Mesa concederalle un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observados na documentación presentada.

E posteriormente, procederá á apertura e exame dos sobres «B»..

Logo da lectura das proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas de acordo aos criterios e as ponderacións establecidas no prego.

Á vista das valoracións obtidas polos licitadores, a Mesa de Contratación propoñerá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Requerimento de documentación

O órgano de contratación requerirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibise o requerimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Garantía definitiva

A garantía definitiva será do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, e poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas

de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por R.D.L 3/2011, do 14 de novembro .

CLÁUSULA DÉCIMO SÉPTIMA : Adjudicación do contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adjudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores, e simultaneamente, publicarase no Perfil do Contratante

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

*En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que houberen presentado dos restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

*Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo no que debe procederse á súa formalización.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA.- Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo non poderá efectuarse , dado que estamos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación, transcorridos quince días hábiles dende que se remita a notificación

da adxudicación aos licitadores e candidatos.

O órgano de contratación requerirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requerimento, logo de transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se hoube interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato. De igual xeito procederase cando o órgano de contratación competente para a resolución houbese levantado a suspensión.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Dereitos e Obrigacións do Adxudicatario

O contrato executarase con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade dos servizos que desenvolva e das prestacións realizadas, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Ademais son obrigas específicas do contratista as seguintes:

-O contratista estará obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por R.D.L 3/2011, do 14 de novembro).

-Gastos esixibles ao contratista. Son por conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación.

-O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por R.D.L 3/2011, do 14 de novembro, para os supostos de subcontratación.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Prazo de garantía

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de 3 meses, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ao estipulado no presente Prego e no de Prescricións Técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se

formularon reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Se durante o prazo de garantía se acredita á existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a corrección dos mesmos.

CLÁUSULA VIXÉSIMA PRIMEIRA. Facturas

Conforme ao disposto na Disposición Adicional Trixésimo Terceira do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contratista terá obrigaón de presentar a factura que expida polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma

Na factura incluíranse , ademais dos datos e requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigaóns de facturación, os seguintes extremos previstos no apartado segundo da citada Disposición Adicional Trixésimo Terceira, así como na normativa sobre facturación electrónica:

- a) Oficina Contable: Concello de Vedra (código DIR3: L01150891)
- b) Órgano Xestor: Concello de Vedra (código DIR3: L01150891)
- c) Unidade Tramitadora: Concello de Vedra (Código DIR3: L01150891)

CLÁUSULA VIXÉSIMA SEGUNDA. Execución do Contrato

O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego de condicións e no Prego de Prescricións Técnicas, e de acordo coas instrucións que se darán ao adxudicatario para a súa interpretación polo órgano de contratación.

CLÁUSULA VIXÉSIMA TERCEIRA. Modificación do Contrato

O presente contrato só poderá ser modificado nos casos e cos límites establecidos no art. 107 do R.D.L 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA VIXÉSIMA CUARTA. Penalidades por Incumprimento

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades de acordo co previsto no artigo 212.4 do R.D.L 3/2011.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

-Cando o contratista incumprise a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para elo, impoñeranse penalidades na proporción dependendo da gravidade do incumprimento non podendo superar o 10% do contrato.

- As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMA QUINTA. Resolución do Contrato

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 223 e 308 do R.D.L 3/2011, de 14 de novembro e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMA SEXTA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación o R.D.L 3/2011, do 14 de novembro, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A Orden Xurisdiccional Contencioso-Administrativo será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do R.D.L 3/2011, do 14 de novembro.

Vedra, 3 de xullo de 2017

O Alcalde,

Asdo. : Carlos Martínez Carrillo